2. Expoñer ao público este acordo e a ordenanza fiscal, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada lei.

3. Elevar a definitivo este acordo se non se presentaran reclamacións contra el e continuar o expediente ata o seu remate, de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

4. A modificación da referida ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo

Ordenanza reguladora dos servizos técnicos municipais polo uso de maquinaria

Fundamentos e natureza:

Artigo 1.- No exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 329 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e ao abeiro dos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establécese a taxa sobre a prestación de servizos técnicos municipais.

Artigo 2.- Constitúe o obxecto desta exacción a utilización dos servizos técnicos municipais comprensible do uso de maquinaria de propiedade municipal solicitada a instancia de persoas naturais, xurídicas, públicas ou privadas, en especial o tractor rozadora para a prevención e defensa de incendios nos predios situados en solo urbano ou de núcleo rural ou de extensión, ou na franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento. Polo tanto, o uso límitase ás leiras encadradas nestas superficies para así posibilitar o cumprimento das obrigas dos titulares dos predios, na medida en que poida prestalo o concello, en relación coa xestión da biomasa.

Polo tanto, a imposibilidade de prestar o servizo por parte do concello, ou o seu retraso, non exclúe a obriga do propietario de pola súa conta ter correctamente xestionada a biomasa para cumprir as súas obrigas de conservación da propiedade en condicións idóneas para evitar os incendios forestais dentro dos prazos establecidos legalmente pola normativa de prevención e defensa contra incendios forestais.

Feito impositivo e obriga de contribuír

Artigo 3.- O feito impositivo está constituído pola prestación do servizo con maquinaria do parque municipal do Concello de Sandiás.

Artigo 4.- A obriga de contribuír nacerá dende o momento en que teña lugar a prestación do servizo e se utilice a maquinaria do concello.

Suxeito pasivo

Artigo 5.- Estarán obrigados ao pagamento aquelas persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas que soliciten mediante instancia para o efecto a prestación do servizo.

Tarifas

Artigo 6.- As tarifas que se aplicarán son as seguintes:

a) Utilización de tractor rozadora:

34,00 euros/hora (trinta e catro euros por hora).

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados internacionais.

Administración e cobranza

Artigo 7.- Todo o usuario do servizo de maquinaria a que se refire esta ordenanza, deberá de solicitalo por escrito mediante o modelo oficial que se servirá nas oficinas municipais.



A petición formulada será resolta pola Alcaldía ou Comisión de Goberno, segundo a urxencia do caso, mediante resolución que disporá a utilización do servizo de maquinaria segundo a dispoñibilidade sen que sexa obrigatorio acceder ao solicitado polo interesado.

A prestación do servizo acordouse e este poderase suspender por razóns de interese público, o que se comunicará inmediatamente ao usuario e sen que este teña dereito a indemnización ou contraprestación de resarcimento ao seu favor.

Artigo 8.- O modelo oficial de instancia recollerá entre outros datos: nome e apelidos do interesado, domicilio ou razón social, NIF ou CIF, denominación do predio do lugar, paraxe e parroquia, superficie para rozar, tipo de maleza, días solicitados, xornada de utilización prevista con indicación das horas estimadas para a prestación do servizo. Finalmente, o interesado indicará se se trata da primeira utilización do servizo ou a prestación doutra resulta en concepto de mantemento.

Artigo 9.- Unha vez prestado servizo e practicada previamente a notificación da resolución, o interesado procederá inmediatamente a aboar a liquidación practicada.

Artigo 10.- As cotas non satisfeitas faranse efectivas polo procedemento de constrinximento administrativo cando teña transcorrido un mes dende o seu vencemento, que se cumprirá transcorridos oito días dende o remate da utilización do servizo.

Artigo 11.- Consideraranse partidas nulas ou créditos incobrables aquelas contas que non se puideran facer efectivas polo procedemento de constrinximento. Esta declaración formularase mediante o oportuno expediente e de acordo co previsto no Regulamento xeral de recadación.

Infraccións

Artigo 12.- Todo o relativo a infraccións e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que poidan corresponder no procedemento sancionador, ateranse ao que dispón subsidiariamente a Lei xeral tributaria, todo iso sen prexuízo de cantas outras responsabilidades civís ou penais poidan concorrer os infractores.

Disposición final

Esta ordenanza comezará a rexer dende o día seguinte ao da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e permanecerá vixente sen interrupción en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

Contra este acordo, conforme ao artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sandiás, 13 de abril de 2016. O alcalde.

Asdo.: Felipe Traveso García.

Al no presentarse reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario provisional del Ayuntamiento de Sandiás, sobre la aprobación de la modificación de la Ordenanza Reguladora de los Servicios Técnicos Municipales por el Uso de Maquinaria del Ayuntamiento de Sandiás. Esto se publica en cumplimiento del artículo 17.4 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

"Se acuerda:

1. Aprobar, provisionalmente, la modificación de la Ordenanza Reguladora de los Servicios Técnicos Municipales por el Uso de la Maquinaria, figurando su texto anexo a la

Memoria de la Alcaldía que forma parte del expediente, conforme a lo dispuesto en el artículo 15.1 de la citada ley. Su texto íntegro, con la modificación, se transcribe como anexo del presente acuerdo.

2. Exponer al público el presente acuerdo y la ordenanza fiscal, tal como preceptúa el artículo 17.1 y 2 de la mencionada ley.

3. Elevar a definitivo este acuerdo si no se presentaran reclamaciones contra él y continuar el expediente hasta su finalización, de acuerdo con el procedimiento previsto en el artículo 17.4 y 5 de la repetida ley.

4. La modificación de la referida ordenanza fiscal entrará en vigor el día siguiente de su publicación en el BOP y permanecerá vigente hasta su modificación o derogación expresa.

Anexo

Ordenanza Reguladora de los Servicios Técnicos Municipales por el Uso de Maquinaria

Fundamentos y naturaleza

Artículo 1.- En EL ejercicio de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución, artículo 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, artículos 329 y siguientes de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia, y al amparo de los artículos 15 y 19 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, se establece la tasa sobre la prestación de servicios técnicos municipales.

Artículo 2.- Constituye el objeto de esta exacción la utilización de los servicios técnicos municipales comprensible del uso de maquinaria de propiedad municipal solicitada a instancia de personas naturales, jurídicas, públicas o privadas, en especial el tractor desbrozadora para la prevención y defensa de incendios en las fincas situadas en suelo urbano o de núcleo rural o de extensión, o en la franja de 50 metros perimetral al suelo urbano, de núcleo rural y urbanizable delimitado, así como alrededor de edificaciones, viviendas aisladas y urbanizaciones, depósitos de basura, parques e instalaciones industriales, situadas a menos de 400 metros del monte, de acuerdo con criterios para la gestión de biomasa estipulados en la Ley de Prevención y Defensa contra Incendios Forestales de Galicia y en su normativa de desarrollo. Por tanto, el uso se limita a las fincas encuadradas en estas superficies, para así posibilitar el cumplimiento de las obligaciones de los titulares de las fincas, en la medida en que pueda prestar el ayuntamiento, en relación con la gestión de la biomasa.

Por tanto, la imposibilidad de prestar el servicio por parte del ayuntamiento, o su retraso, no excluye la obligación del propietario de, por su cuenta, tener correctamente gestionada la biomasa para cumplir sus obligaciones de conservación de la propiedad en condiciones idóneas para evitar los incendios forestales dentro de los plazos establecidos legalmente por la normativa de prevención y defensa contra incendios forestales.

Hecho imponible y obligación de contribuir

Artículo 3.- El hecho imponible está constituido por la prestación del servicio con maquinaria del parque municipal del Ayuntamiento de Sandiás.

Artículo 4.- La obligación de contribuir nacerá desde el momento en que tenga lugar la prestación del servicio y se utilice la maquinaria del ayuntamiento.

Sujeto pasivo

Artículo 5.- Estarán obligados al pago aquellas personas naturales o jurídicas, públicas o privadas, que soliciten mediante instancia para el hecho la prestación del servicio.

Tarifas

Artículo 6.- Las tarifas que se aplicarán son las siguientes:

a) Utilización de tractor desbrozadora:

34,00 euros/hora (treinta y cuatro euros por hora).

No se concederán más exenciones o bonificaciones que las expresamente previstas en las leyes o las derivadas de la aplicación de tratados internacionales.

Administración y cobro

Artículo 7.- Todo usuario del servicio de maquinaria a que se refiere la presente ordenanza, deberá de solicitarlo por escrito mediante el modelo oficial que se servirá en las oficinas municipales.

La petición formulada será resuelta por la Alcaldía o Comisión de Gobierno, según la urgencia del caso, mediante resolución que dispondrá la utilización del servicio de maquinaria según la disponibilidad, sin que sea obligatorio acceder a lo solicitado por el interesado.

La prestación del servicio se acordó y éste se podrá suspender por razones de interés público, lo que se comunicará inmediatamente al usuario y sin que éste tenga derecho a indemnización o contraprestación de resarcimiento a su favor.

Artículo 8.- El modelo oficial de instancia recogerá entre otros datos: nombre y apellidos del interesado, domicilio o razón social, NIF o CIF, denominación del predio del lugar, paraje y parroquia, superficie a desbrozar, tipo de maleza, días solicitados, jornada de utilización prevista con indicación de las horas estimadas para la prestación del servicio. Finalmente, el interesado indicará si se trata de la primera utilización del servicio o la prestación de otra resulta en concepto de mantenimiento.

Artículo 9.- Una vez prestado servicio y practicada previamente la notificación de la resolución, el interesado procederá inmediatamente a abonar la liquidación practicada.

Artículo 10.- Las cuotas no satisfechas se harán efectivas por el procedimiento de apremio administrativo cuando haya transcurrido un mes desde su vencimiento, que se cumplirá transcurridos ocho días desde la finalización de la utilización del servicio.

Artículo 11.- Se considerará partidas nulas o créditos incobrables aquellas cuentas que no se pudieran hacer efectivas por el procedimiento de apremio. Esta declaración se formulará mediante el oportuno expediente y de acuerdo con lo previsto en el Reglamento General de Recaudación.

Infracciones

Artículo 12.- Todo lo relativo a infracciones y a sus distintas cualificaciones, así como las sanciones que puedan corresponder en el procedimiento sancionador, se atenderá a lo que dispone subsidiariamente la Ley General Tributaria, todo ello sin perjuicio de en cuantas otras responsabilidades civiles o penales puedan concurrir los infractores.

Disposición final

La presente ordenanza empezará a regir desde el día siguiente al de la publicación íntegra en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense y permanecerá vigente sin interrupción en cuanto no se acuerde su modificación o derogación expresa."

Contra el presente acuerdo, conforme al artículo 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, los interesados podrán interponerse un recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Sandiás, 13 de abril de 2016. El alcalde.

Fdo.: Felipe Traveso García.

R. 1.164

Sandiás

Anuncio

Ao non presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza reguladora do acceso ao uso das vivendas sociais de titularidade municipal e réxime fiscal, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

«...Acordar:

1. O destino das vivendas das antigas escolas a vivendas sociais.

2. Aprobar, provisionalmente, a Ordenanza reguladora do acceso ao uso das vivendas sociais de titularidade municipal e réxime fiscal, figurando o texto anexo á Memoria da Alcaldía que forma parte do expediente, conforme ao disposto no artigo 15.1 da citada lei. O seu texto transcríbese como anexo deste acordo.

3. Expoñer ao público este acordo e a aprobación da Ordenanza fiscal, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada lei.

4. Elevar a definitivo este acordo se non se presentaran reclamacións contra el e continuar o expediente ata o seu remate de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

5. A aprobación da referida Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa, unha vez cumprido o trámite previsto de comunicación a Administración central.

Anexo

Ordenanza reguladora do acceso ao uso das vivendas sociais de titularidade municipal e réxime fiscal.

Título I

Artigo 1.- Obxecto

Esta ordenanza ten como obxecto regular o acceso ao uso das vivendas de titularidade municipal actuais, así como das que poida adquirir ou preparar no futuro para o seu uso/goce, con respecto aos principios de publicidade, concorrencia pública e transparencia.

Así mesmo, desexa que as vivendas sexan destinadas ao arrendamento social (entendido como uso ou servizo público), como un instrumento máis de apoio á intervención social, que ten como obxecto fundamental a promoción dos cidadáns e as familias co fin de potenciar o seu desenvolvemento persoal e favorecer a súa autonomía, así como asegurar unhas condicións de vivenda dignas ás persoas que carezan dos recursos económicos suficientes.

Todo iso é en virtude das facultades recoñecidas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a prestación de servizos sociais, erradicar infravivenda e servizo de atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, co obxecto de consolidar un sistema de adjudicación do uso destas vivendas de maneira obxectiva, imparcial e estable, e dentro da Lei de servizos sociais de Galicia que atribúe como competencias municipais a prestación dos servizos sociais básicos, específicos e a elaboración de plans que, no marco da planificación estratéxica, lle competen no seu propio ámbito territorial, a través dos plans e programas de servizos sociais municipais.

É obxecto desta ordenanza a regulación das condicións, requisitos de acceso e réxime de uso das vivendas de propiedade municipal destinadas a cubrir as necesidades sociais a través



dun arrendamento social, cuxa finalidade é facilitar que, persoas que non teñan cuberta a súa necesidade de vivenda habitual, soporten cargas familiares e dispoñan de reducidos recursos que lles impidan acceder ao alugueiro dunha vivenda no mercado libre, poidan dispoñer dun espazo adecuado ás súas necesidades familiares e aos seus recursos económicos, co apoio dos Servizos Sociais Municipais.

2.- Réxime xurídico.

1.- Os inmobles nos que se sitúan as vivendas sociais, teñen a natureza xurídica de bens de dominio público destinados a un servizo público, polo que os contratos de arrendamento social das vivendas sociais terán natureza administrativa e rexeranse polas súas propias cláusulas, por esta ordenanza e, no non disposto anteriormente, pola normativa de dereito administrativo, sen prexuízo da aplicación supletoria da normativa de dereito civil, no que non se opoña ao anterior.

2.- O Concello de Sandiás disporá das facultades que outorga a normativa administrativa aos municipios para a interpretación e modificación, por razóns de interese público, dos contratos obxecto desta ordenanza e será competente para a resolución de cantas cuestións se expoñan en relación con estes á xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 2.- Réxime de acceso ás vivendas e destino

1. O acceso ás vivendas realizarase en réxime de uso de servizo público.

2. As vivendas destinaranse a domicilio habitual e permanente de quen resulte seleccionado.

Artigo 3.- Requisitos e condicións para o arrendamento social

Poderán acceder ás vivendas as persoas físicas, para si mesmo, ou para a súa unidade familiar, que pola súa situación familiar ou polos seus escasos recursos, non poidan acceder a unha vivenda de alugueiro a prezo de mercado e, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade ou menor emancipado e non atoparse incapacitado para obrigarse contractualmente de acordo co Código Civil.

2. Ter e acreditar nacionalidade española, ser cidadán dun estado membro da Unión Europea ou, no caso de ser estranxeiro non comunitario, contar con permiso de residencia vixente de todos os membros da unidade familiar.

3. Ser veciño do Concello de Sandiás, acreditando tal circunstancia por inscrición no padrón de habitantes cunha antigüidade mínima dun ano, ou dispoñer de contrato de traballo no municipio de Sandiás.

4. Non ser titular, ningún dos membros da unidade familiar do solicitante, de vivenda en réxime de propiedade ou de arrendamento, de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou goce sobre outra vivenda en todo o territorio nacional. Non obstante, este requisito non será de aplicación, no caso de sentenza xudicial de separación ou divorcio cando, como consecuencia deste, non se lle houbera adxudicado o uso da vivenda que constituía a residencia familiar.

5. Estar ao corrente no pagamento de todas as obrigas tributarias e, non ter ningunha débeda por ningún concepto co Concello de Sandiás.

6. Achegar a documentación que requiran os Servizos Sociais, ao obxecto de comprobar e acreditar a situación de necesidade, co fin de realizar a valoración técnica que determinará o valor da renda.

7. O incumprimento de calquera das condicións anteriores producirá a non admisión da solicitude. Así mesmo, o falseamento de calquera das condicións por parte do solicitante suporá a resolución por incumprimento da cesión de uso da vivenda.

Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse no momento de rematar o prazo para presentar solicitudes.

Artigo 4.- Unidade familiar

1.- Para os efectos desta ordenanza, considérase unidade familiar do/da solicitante:

a) O cónxuxe ou a persoa vinculada a el por unión de feito, o cal se acreditará co certificado de matrimonio, libro de familia ou certificación do rexistro de parellas de feito.

b) Os fillos menores de idade formarán parte da unidade familiar do solicitante, sempre que se acredite ostentar a garda e custodia legal destes, con excepción dos fillos procedentes de matrimonios ou unións de feito non disolvidos, que se entenderán integrantes da mesma unidade familiar.

c) A petición do/da solicitante, as persoas solteiras maiores de idade que convivan cos seus pais durante polo menos os dous anos inmediatamente anteriores á data da solicitude, poderán ser consideradas integrantes da unidade familiar destes.

2.- Consideraranse, así mesmo, membros da unidade familiar do solicitante:

a) Os/as irmáns do/da solicitante, cando sexan menores de idade ou incapacitados total ou parcialmente, cando aquel/la sexa maior de idade e ostente a súa tutela legal.

b) Os/as ascendentes do/da solicitante e os/as irmáns do/da solicitante, maiores de idade, por consanguinidade ou por afinidade, se acreditan a convivencia anterior cunha antigüidade de polo menos dous anos de forma ininterrompida e carecen de vivenda ou foron privados dela por causas alleas á súa vontade.

c) Os menores de idade ou incapacitados que convivan co/coa solicitante e estean suxeitos á súa tutela legal ou á súa garda, mediante acollemento familiar permanente ou preadoptivo.

d) Nos casos de persoas discapacitadas nas que a unidade familiar estea composta por un só membro, e este requira a axuda doutra persoa e se acredite debidamente esa circunstancia, esa persoa de axuda, considerárase un membro máis para os efectos da composición familiar.

Artigo 5.- Criterios de selección

1.- Por cada ano de empadroamento do solicitante, a partir do primeiro, 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

2.- Necesidade da vivenda (só puntuará por un dos apartados):

a) Habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade como chabolas, construcións semellantes ou edificios en ruína declarada ou non residenciais: 10 puntos.

b) Carecer dunha vivenda por atoparse nalgunha das seguintes condicións (só unha das dúas situacións):

b.1. Aloxamento en establecemento público: 5 puntos.

b.2. Aloxamento en cuartos realugados, en hospedaxe ou en convivencia con outros familiares ou outra familia: 8 puntos.

c) Solicitude de vivenda por ter pendente expediente de desafiuzamento xudicial ou administrativo, por ter executado o desafiuzamento nun prazo non superior a seis meses con anterioridade á solicitude: 10 puntos.

3.- Circunstancias persoais e familiares:

Entenderase por familia ou unidade familiar a descrita no artigo 4 desta ordenanza.

a) Por discapacidade dalgún membro da unidade familiar ata o segundo o grao de parentesco, por consanguinidade ou afinidade:

a.1) Do 33 % ao 65%: 2 puntos

a.2) Do 66% ao 100%: 4 puntos

b) Pola condición de familia monoparental: 3 puntos

c) Familias con proxecto de intervención de servizos sociais: 4 puntos

d) Vítimas da violencia de xénero debidamente acreditado documentalmente: 3 puntos

4.- Circunstancias económicas.

Dividiranse os ingresos familiares totais entre o número de membros da unidade familiar e, segundo a cantidade individual resultante, aplicarase o seguinte baremo:.

Ata 0.20 veces o IPREM: 10 puntos.

De 0.21 a 0.30 veces o IPREM: 8 puntos.

De 0.31 a 0.40 veces o IPREM: 6 puntos.

De 0.41 a 0.50 veces o IPREM: 4 puntos.

De 0.51 a 0.70 veces o IPREM: 2 puntos.

De 0.71 a 0.90 veces o IPREM: 1 punto.

Situación legal de desemprego: 5 puntos

5.-O Concello de Sandiás resérvase o dereito a puntuar cero se non se declaran todos os ingresos familiares ou non se presenta toda a documentación ao respecto.

6. Familias con fillos menores ou incapacitados a cargo:

- Por cada fillo: 2 puntos.

- Monoparentais: 2 puntos.

- Por cada ascendente ou irmán por consanguinidade ou afinidade que forme parte da unidade familiar segundo os criterios establecidos nesta ordenanza: 2 puntos.

Artigo 6.- Convocatoria do proceso de selección

Cando quede vacante algunha/s vivenda/s ou se adquiera a titularidade ou uso/gozo dalgunha nova vivenda, convocarase un procedemento para a selección dun/s beneficiario/s, no que se respectarán os principios de publicidade, concorrencia pública e transparencia.

Para estes efectos, o alcalde ou órgano no que delegue, acordará convocar o proceso de selección, o cal se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

As persoas interesadas en participar no procedemento de selección presentarán a súa solicitude no modelo que se determine na correspondente convocatoria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do concello e nos rexistros aos que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será, como mínimo, de 15 días naturais contado dende a publicación da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 7.- Documentación que se presentará coa solicitude

Para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nesta ordenanza e valorar os criterios de selección, os solicitantes achegarán, xunto coa solicitude, os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI do solicitante e de cada membro da unidade familiar ou convencional e, de ser o caso, do libro de familia.

- Certificado de empadramento da persoa solicitante e das que convivan con ela (será expedido de oficio polo concello).

- Certificado catastral de bens de natureza urbana que permita determinar a existencia de vivenda ao seu nome.

- Fotocopia da declaración do IRPF de todos os membros da unidade de convivencia do último período impositivo co prazo de presentación vencido.

- De ser o caso, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou da sentenza na que se acredite que o solicitante non ten o uso da vivenda familiar.

- Certificado de non ter débedas co concello (será expedido de oficio polo concello).

- De ser o caso, certificado acreditativo da discapacidade alegada.

Artigo 8.- Procedemento de selección

Unha vez puntuadas as solicitudes polos servizos sociais municipais, confeccionarase unha lista provisional na que

constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente e os excluídos con indicación da causa de exclusión. Esta lista publicarase no taboleiro de anuncios do concello, e os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 10 días desde a súa publicación.

Unha vez vistas as alegacións e, de ser o caso, a documentación achegada, confeccionarase a lista definitiva de admitidos, que se ordenará de maior a menor puntuación.

En caso de empate na puntuación, resolverase a favor de quen leve máis tempo empadroadado no concello e, en segundo lugar, quen teña unha maior puntuación polos ingresos. Se persiste o empate resolverase por sorteo.

Unha vez confeccionada a lista definitiva, os Servizos Sociais Municipais emitirán un informe preceptivo no que se valorará a situación persoal, familiar e económica dos/as adxudicatarios das vivendas sociais e propondrá o canon a satisfacer en cada suposto, en función da situación da unidade familiar ou persoa solicitante.

Emitido o informe oportuno polos Servizos Sociais, en Xunta de Goberno acordarase o arrendamento social a favor das persoas solicitantes, concretando o canon correspondente.

O concello seleccionará para o alugueiro da/s vivenda/s seguindo a orde da lista confeccionada.

Se o seleccionado renuncia ao arrendamento antes de formalizar o contrato, seleccionarse ao solicitante que quedase en primeiro lugar na relación definitiva de admitidos.

Se así se indica na correspondente convocatoria, a lista definitiva poderá ter vixencia para facer unha nova selección en caso de renuncia posterior do seleccionado ou incumprimento das condicións esixidas, así como para posteriores convocatorias de novas vivendas.

Naqueles supostos nos que se precise a urxente ocupación dunha vivenda social, e algunha propiedade do concello estea dispoñible, e previo informe acreditativo da urxencia, emitido polos servizos sociais do concello, poderá autorizarse provisionalmente, mediante Decreto da Alcaldía, a entrada en Vivenda Social, dándose inmediatamente despois inicio ao procedemento establecido no artigo 6 desta ordenanza, para a súa resolución definitiva.

Artigo 9.- Prezo e duración do contrato

1.- Os/As arrendatarios/as das vivendas destinadas a cubrir necesidades sociais aboaranlle ao Concello de Sandiás un canon mensual, dirixido a cubrir os gastos de conservación e mantemento dos inmobles.

2.- Con carácter xeral, o canon mensual será de 100 euros mensuais, incrementándose anualmente segundo o índice de prezos. O pagamento da renda farase efectivo nos 10 primeiros días de cada mes.

3.- Naqueles casos en que os servizos sociais do concello valoren que a cantidade establecida en concepto de canon de carácter xeral é excesiva para a unidade familiar, en función das súas concretas circunstancias familiares e económicas, establecerase unha contía inferior, fixándose un factor corrector ao canon mensual xeral, do 0,6, dando lugar ao réxime especial. E no suposto en que os servizos sociais consideren aínda excesivo este canon, aplicarase o réxime de especial necesidade, fixándose un factor corrector do 0,3.

Estes réximes determinaranse unha vez analizada a documentación presentada e valorada a situación de necesidade polos Servizos Sociais Municipais, debendo ser revisados anualmente, en función do cambio das circunstancias familiares ou económicas da unidade familiar.

O contrato de arrendamento terá unha vixencia de tres anos, revisándose anualmente para comprobar que subsisten as mes-



mas circunstancias que se tiveron en conta para a adxudicación da vivenda social en arrendamento.

Artigo 10.- Fianza

Para levar a cabo o contrato de arrendamento de vivenda será obrigatoria a prestación pola persoa arrendataria dunha fianza en metálico. A fianza equivalerá a dúas mensualidade da renda e, durante os tres primeiros anos de duración do contrato, non estará suxeita a actualización, e aplicaráselle os factores correctores fixados no artigo anterior en caso de que se determine unha situación de réxime especial ou réxime de especial necesidade.

Artigo 11.- Obrigas do arrendatario

En todo caso, estará prohibida a cesión ou o subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar á resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións que, de ser o caso, correspondan.

A subrogación no contrato de arrendamento por causa de separación legal, divorcio, nulidade matrimonial e por morte do arrendatario efectuarase de conformidade co establecido na Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos, ata que conclúa a vixencia do contrato.

O arrendatario ten a obriga de conservar e manter a vivenda en perfecto estado de conservación.

O arrendatario ten prohibido realizar calquera tipo de obras, sen consentimento previo escrito do concello, agás aquelas reparacións que fosen necesarias.

O arrendatario ten a obriga de aboar mensualmente, e con carácter anticipado, o canon por arrendamento social e, de asumir os gastos dos consumos de subministración que correspondan, luz, auga, lixo, etc.

Non poderán terse animais (salvo casos de cans guía, en caso de resultar necesarios), nin almacenar materiais anti-hixiénicos ou perigosos, nin no interior da vivenda nin nas escaleiras de acceso a ela, nin en calquera outro anexo desta.

O arrendatario está obrigado a ocupar a vivenda no prazo dun mes desde a sinatura do contrato.

O arrendatario está obrigado a destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente.

O arrendatario ten prohibido realizar obras que alteren a configuración da vivenda ou menoscaben a seguridade do edificio, así como causar deterioración grave no edificio, nas súas instalacións ou nos servizos complementarios.

Correrá a cargo do arrendatario a limpeza tanto da vivenda, mobiliario e demais equipamento, como da escaleira e do portal de entrada á vivenda.

Está prohibido desenvolver na vivenda arrendada actividades que contraveñan as disposicións xerais sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

Non poderán residir na vivenda máis persoas que as sinaladas expresamente na solicitude como membros da unidade familiar.

O arrendatario deberá comunicar aos servizos sociais do concello calquera variación dos seus ingresos ou circunstancias persoais da unidade familiar, para os efectos de actualizar o canon.

Artigo 12.- Causas de resolución do contrato

1.- O concello poderá acordar a resolución do contrato de arrendamento social previo expediente administrativo no que se dará audiencia ao/a beneficiario/a, polo prazo de 15 días hábiles.

As causas que poden motivar a resolución son:

- Falecemento do/a beneficiario/a.

- Desaparición das causas que motivaron a súa concesión (disposición de residencia propia, obtención de recursos económicos que superen os máximos previstos nesta ordenanza,....).

- Incumprimento de calquera dos requisitos ou obrigacións establecidas nesta ordenanza, entre elas, o falseamento ou ocultación de datos necesarios para valorar as circunstancias de necesidade social.

- Abandono da vivenda, sen previo aviso ao concello e sen existir un motivo que xustifique a ausencia, por un tempo superior a dous meses.

- Incumprimento das normas de convivencia, causar danos a persoas ou bens ou altercados, co resto de residentes no inmovible.

- Falseamento de datos, documentos ou ocultación destes.

- Permitir a utilización da vivenda a terceiras persoas que non formen parte da unidade familiar expresamente autorizada a residir na vivenda, sen previa autorización expresa por parte do concello.

- Non aboar o canon mensual ou outros gastos por servizos de luz, auga, lixo,...., no prazo de dous (2) meses desde que sexa requirido o seu pago, salvo que fose expresamente autorizado polo concello en vista das circunstancias excepcionais da unidade convivencial.

- Supresión do servizo, previo acordo plenario por parte do concello.

Artigo 13.- Efectos da resolución do contrato

1.- Unha vez extinguido automaticamente o contrato de arrendamento social polo transcurso do prazo contractual ou declarada formalmente a resolución polo concello, os/as ocupantes deberán abandonar a vivenda e deixala libre e nas mesmas condicións en que a atoparon no prazo de 24 horas, entregando as chaves no concello.

2.- Se nese prazo, a vivenda non se atopase a disposición do concello, procederase ao desafiuzamento. A competencia e o procedemento para dispoñer o desafiuzamento e levar a cabo o lanzamento, terán carácter administrativo e sumario, seguindo os trámites seguintes:

a) Esgotado o prazo de vinte e catro horas sinalado para abandonar a vivenda e entregar as chaves no concello, sen que se efectuase, requirirase ao/á interesado/a, para que no prazo de 10 días desaloxe a vivenda. Se a pesar do requirimento non o desaloxa, executarase o desafiuzamento por vía administrativa e o alcalde, apercibiralle de lanzamento no termo doutros 5 días. O día fixado para este, a Corporación executaráo polos seus propios medios, a cuxo efecto bastará a orde escrita do alcalde.

b) Os gastos a que dea lugar o lanzamento ou depósito de bens serán de conta do/a desafiuzado/a. A Corporación reterá os bens que considere suficientes para atender ao pago dos gastos de execución do desafiuzamento e poderá allealos polo procedemento de constrinximento.

Artigo 14.- Responsabilidades

A falsidade nos datos achegados ou o incumprimento das condicións contidas nesta ordenanza por parte dos solicitantes ou polos seleccionados dará lugar á exclusión do proceso de selección e da lista confeccionada e, de ser o caso, á revogación do dereito ao arrendamento de vivenda, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidese incorrer e da súa obriga de resarcir os danos e perdas causadas.

Artigo 15.- Réxime supletorio

Para o non contemplado expresamente nesta ordenanza será de aplicación o Regulamento de servizos das entidades locais, o Regulamento de bens das entidades locais e a Lei de arrendamentos urbanos.

Título II. Regulación fiscal do servizo

Artigo 16.- Dereito aplicable

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Sandiás establece o canon, co carácter de taxa, pola autorización de ocupación das vivendas municipais.

Artigo 17.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de vivenda social.

Artigo 18.- Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou entidades ás que se refiren os artigos 35 e 36 da Lei xeral tributaria, que soliciten e se beneficien da prestación do servizo.

Artigo 19.- Responsables

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 20.- Exencións

Non se prevén.

Artigo 21.- Cota

1.- Os/As arrendatarios/as das vivendas destinadas a cubrir necesidades sociais aboaranlle ao Concello de Sandiás un canon mensual, dirixido a cubrir os gastos de conservación e mantemento dos inmobles.

2.- Con carácter xeral, o canon mensual será de 100 euros mensuais, incrementándose anualmente segundo o índice de prezos. O pagamento da renda farase efectivo nos 10 primeiros días de cada mes.

3.- Naqueles casos en que os servizos sociais do concello valoren que a cantidade establecida en concepto de canon de carácter xeral é excesiva para a unidade familiar, en función das súas concretas circunstancias familiares e económicas, establecerase unha contía inferior, fixándose un factor corrector ao canon mensual xeral, do 0,6, dando lugar ao réxime especial. E no suposto en que os servizos sociais consideren aínda excesivo este canon, aplicarase o réxime de especial necesidade, fixándose un factor corrector do 0,3.

Estes réximes determinaranse unha vez analizada a documentación presentada e valorada a situación de necesidade polos Servizos Sociais Municipais, debendo ser revisados anualmente, en función do cambio das circunstancias familiares ou económicas da unidade familiar.

Artigo 22.- Devindicación, período impositivo e ingreso

As taxas reguladas nesta ordenanza fiscal devindicarase no momento de notificación da prestación do servizo.

O período impositivo será mensual.

O pagamento da renda farase efectivo nos 10 primeiros días de cada mes.

Artigo 23.- Infraccións e sancións

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e, no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Artigo 24.- Lexislación supletoria

Para o non previsto nesta ordenanza, será de aplicación a Lei xeral tributaria e demais normativa de aplicación.

Disposición derradeira única

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo concello.

Contra o acordo de aprobación definitiva desta ordenanza poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP».

Contra este acordo, interpoñeráse un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Sandiás, 13 de abril de 2016. O alcalde.

Asdo.: Felipe Traveso García.

Anuncio

Al no presentarse reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario inicial aprobatorio de la Ordenanza Reguladora del Acceso al Uso de las Viviendas Sociales de Titularidad Municipal y Régimen Fiscal, cuyo texto íntegro se publica, para su general conocimiento y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

«...Acordar:

1. *El destino de las viviendas de las antiguas escuelas a viviendas sociales.*

2. *Aprobar, provisionalmente, la Ordenanza Reguladora del Acceso al Uso de las Viviendas Sociales de Titularidad Municipal y Régimen Fiscal, figurando el texto anexo a la Memoria de la Alcaldía que forma parte del expediente, conforme a lo dispuesto en el artículo 15.1 de la citada ley. Su texto se transcribe como anexo del presente acuerdo.*

3. *Exponer al público el presente acuerdo y la aprobación de la Ordenanza Fiscal, tal como preceptúa el artículo 17.1 y 2 de la mencionada ley.*

4. *Elevar a definitivo este acuerdo si no se presentaran reclamaciones contra este y continuar el expediente hasta su finalización, de acuerdo con el procedimiento previsto en el artículo 17.4 y 5 de la repetida ley.*

5. *La aprobación de la referida Ordenanza fiscal entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el BOP, y permanecerá vigente hasta su modificación o derogación expresa, una vez cumplido el trámite previsto de comunicación a la Administración central.*

Anexo

Ordenanza Reguladora del Acceso al Uso de las Viviendas Sociales de Titularidad Municipal y Régimen Fiscal

Título I

Artículo 1.- Objeto

Esta ordenanza tiene como objeto regular el acceso al uso de las viviendas de titularidad municipal actuales, así como de las que pueda adquirir o preparar en el futuro para su uso/goce, con respecto a los principios de publicidad, concurrencia pública y transparencia.

Así mismo, desea que las viviendas sean destinadas al arrendamiento social (entendido como uso o servicio público), como



un instrumento más de apoyo a la intervención social, que tiene como objeto fundamental la promoción de los ciudadanos y las familias con el fin de potenciar su desarrollo personal y favorecer su autonomía, así como asegurar unas condiciones de vivienda dignas a las personas que carezcan de los recursos económicos suficientes.

Todo eso es en virtud de las facultades reconocidas en el artículo 25 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, para la prestación de servicios sociales, erradicar infravivienda y servicio de atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social con objeto de consolidar un sistema de adjudicación del uso de estas viviendas de manera objetiva, imparcial y estable, y dentro de la Ley de Servicios Sociales de Galicia que atribuye como competencias municipales la prestación de los servicios sociales básicos, específicos y la elaboración de planes que, en el marco de la planificación estratégica, le competen en su propio ámbito territorial, a través de los planes y programas de Servicios Sociales Municipales.

Es objeto de la presente ordenanza la regulación de las condiciones, requisitos de acceso y régimen de uso de las viviendas de propiedad municipal destinadas a cubrir las necesidades sociales a través de un arrendamiento social, cuya finalidad es facilitar que, personas que no tengan cubierta su necesidad de vivienda habitual, soporten cargas familiares y dispongan de reducidos recursos que les impidan acceder al alquiler de una vivienda en el mercado libre, puedan disponer de un espacio adecuado a sus necesidades familiares y a los sus recursos económicos, con el apoyo de los Servicios Sociales Municipales.

2.- Régimen jurídico.

